

Expediente de Baixa por anulación 1/11 por importe de 76.966,12 € para saneamento do Remanente de Tesourería negativo.

Expediente de Suplemento de crédito 1/11 por importe de 169.469,33 € para cofinanciamento de proxectos de investimento comprometidos no exercizo 2010.

Modificación do anexo de Subvencións para introdución de nova subvención nominativa.

Modificación do anexo de subvencións para incremento do importe de subvención nominativa.

En cumprimento do disposto polo artigo 169.3 e 177.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e artigos 20.1 e 42.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, procédese á publicar o resumo por capítulos dos mencionados expedientes, que se corresponde co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS:

CAPÍTULO	INICIALES	MODIF. ANTERIORES	S.C 1/11	BAIXA 1/11	TOTAL
1	2.408.504,11	59.744,85			2.468.248,96
2	2.087.571,84	10.656,91			2.098.228,75
3	66.244,48	0,00			66.244,48
4	344.100,00	31.414,00			375.514,00
6	343.585,31	884.723,70	169.469,33		1.397.778,34
7	62.000,00	40.000,00			102.000,00
8	15.000,00	0,00			15.000,00
9	352.138,42	0,00		-76.966,12	275.172,30
	5.679.144,16	1.026.539,46	169.469,33	-76.966,12	6.798.186,83

ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULO	INICIALES	MODIF. ANTERIORES	S.C 1/11	BAIXA 1/11	TOTAL
1	2.114.526,47	0,00			2.114.526,47
2	140.000,00	0,00			140.000,00
3	782.660,00	6.685,00			789.345,00
4	2.304.752,84	69.344,85			2.374.097,69
6	8.080,00	0,00			8.080,00
7	39.125,44	176.364,59			215.490,03
8	15.000,00	734.145,02			749.145,02
9	274.999,41	40.000,00	169.469,33		484.468,74
	5.679.144,16	1.026.539,46	169.469,33		6.875.152,95

En virtude do disposto nos artigos 177.2 en relación co 171 do RDLex. 2/2004 e 38.3 en relación co 23.1 do RD 500/1990, contra esta aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición. O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

En Caldas de Reis, a 6 de xuño de 2011.—O Alcalde en funcións, Juan Manuel Rey Rey. **2011005942**

* * *

O GROVE**BASES PARA CUBRIR INTERINAMENTE UNHA PRAZA DE TÉCNICO EN DEPORTES****PRIMEIRA.—OBXECTO**

Esta convocatoria ten por obxecto cubrir interinamente, por razóns de urxencia e necesidade, unha praza de TÉCNICO EN DEPORTES do grupo C2, encadrada na escala de admón especial, subescala técnica.

A dita convocatoria efectúase ó amparo do disposto no art. 27.1.2 do Real decreto 364/95, do 10 de marzo, e na disposición adicional primeira do Real decreto 896/91, do 7 de xuño (BOE nº 142 de 14 de

xuño de 1991), así como o art. 246 da Lei 5/97 de Admón. local de Galicia e artículo 10 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, segundo os principios de mérito e capacidade.

SEGUNDA.—SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección levarase a cabo mediante o sistema de concurso-oposición libre.

TERCEIRA.—CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

Para seren admitidos neste proceso selectivo os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.
2. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non excederen, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
3. Posuír ou en estar en condicións de obter o título CONDUCCION DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS NO MEDIO NATURAL (FPI) equivalente ou superior, o día en que remate o prazo de presentación de instancias.
4. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a que aspira.
5. Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos ó acceso o emprego público.
6. Ter ingresado na Tesourería do Concello de O Grove a cantidade fixada como dereitos de exame.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario interino.

CUARTA.—SOLICITUDES

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ó Sr. Presidente do Concello de O Grove. A instancia conterà, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, achegándolle unha fotocopia autenticada do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios, e xustificante de ingreso dos dereitos de exame, así como curriculum vitae e fotocopias compulsadas del méritos alegados.

Para ser admitido os aspirantes deberán manifestar na súa solicitude de participación que reúne todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación. No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

2. O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia
3. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello de O Grove, ben en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

4. Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria.
5. Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

QUINTA.—DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para participar neste proceso selectivo aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, a cantidade de 30 € en concepto de dereitos de exame e os gastos de tramitación que, no seu caso, determine a entidade bancaria, que poderán satisfacerse directamente na Tesourería do Concello, ou ben mediante xiro postal, telegráfico ou transferencia bancaria dirixida á conta nº 2080.0037.02.0040008731 do Concello de O Grove en Novacaixagalicia; de non realizarse o pagamento directamente na Tesourería o solicitante fará constar na súa instancia a data do xiro ou da transferencia e o número do resguardo.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude, segundo o disposto na base IV.

Os dereitos de exame reintegraránselles de oficio ós interesados que sexan excluídos definitivamente da lista de admitidos.

Estarán exentas de pagar os dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%.

SEXTA.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Finalizado o prazo dos 10 días hábiles fixado para presentar as solicitudes o concello ditará resolución, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.
2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación da lista definitiva no Taboleiro de anuncios do Concello.
3. Contra a resolución do Alcalde, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro) ou ben un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
4. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles reconeza ós interesados posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que o aspirante admitido supere as probas selectivas.

SÉTIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

1. Os membros do tribunal cualificador serán designados polo presidente segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 da citada Lei 7/2007, do 12 de abril, tendo en conta á paridade entre homes e mulleres
2. O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario e tres vogais.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, no podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.
4. A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.
5. Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.
6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.
7. A Presidencia, antes de que teña lugar cada unha das probas e xuntamente coa lista provisional de admitidos, publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.
8. Os membros do tribunal deberá absterse de intervir, comunicándolle ó presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.
9. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.
10. A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común e ás bases xerais e específicas reguladoras desta convocatoria.
11. O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios cás do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.
12. En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vocal designado en primeira orde.

OITAVA.—FASE DE CONCURSO

Baremo de méritos: CURSOS

- a) Licenciatura en Ciencias da Educación Física e Deporte: 1´5 Puntos
- b) Técnico superior en Actividades de Ocio e Tempo libre: 1´5 puntos
- c) Adestrador deportivo de categoría nacional: 1´5 puntos
- d) Por cada curso relacionado coa praza con duración igual ou superior a 100 horas lectivas: 0,80 puntos.
- e) Por cada curso relacionado coa praza con duración igual ou superior a 50 horas lectivas: 0,50 puntos.
- f) Por cada curso relacionado coa praza con duración igual ou superior a 30 horas lectivas: 0,20 puntos.

g) Quedan excluídos cursos de menos de 30 horas.

A cualificación máxima polo apartado de cursos non poderá superar, en ningún caso, 7 puntos.

Experiencia Profesional. A experiencia profesional acreditada puntuarase de conformidade co seguinte baremo:

a) Por cada mes completo de servizos prestados nunha administración pública en posto igual ou categoría similar: 0,15 puntos.

A cualificación máxima polo apartado de experiencia profesional non poderá superar, en ningún caso, 3 puntos.

Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación orixinal do órgano de xestión da Administración pública competente.

NOVENA.—CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS SELECTIVAS

Primeiro Exercicio: de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a 20 preguntas tipo test con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa no tempo máximo de 30 minutos.

Segundo Exercicio: de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución dun suposto práctico proposto polo tribunal sobre as funcións e tarefas propias da praza convocada, no tempo máximo dunha hora.

DÉCIMA.—COMEZO DOS EXERCICIOS

1. A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo dos exercicios das probas selectivas convocada será determinado polo presidente mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, e a composición do tribunal, que se publicará mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.
2. Os aspirantes convocaranse para o exercicio nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados, que resolverá o tribunal.
3. Os aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

DÉCIMO PRIMEIRA.—DESENVOLVEMENTO DO EXERCICIO DA PROBA SELECTIVA

1. En calquera momento o tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa identidade.
2. A orde de actuación dos opositores para realizaren aqueles exercicios que non poidan facerse de forma simultánea será determinada mediante sorteo polo tribunal en presenza dos aspirantes e inmediatamente antes de iniciarse o exercicio.
3. Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.
4. Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñerlle ó presidente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.
5. Concluídos os exercicios da oposición o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios, a relación de aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de “non aptos”.

6. Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o presidente que os nomeou, segundo o previsto no artigo 114.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/99.

DÉCIMO SEGUNDA.—CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

1. Os exercicios obrigatorios e eliminatorios do concurso-oposición serán cualificados entre cero (0) e dez (10) puntos, necesitándose para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.
2. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por parte dos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas ambas, a maior e a menor, calculándose a media aritmética coas puntuacións concedidas polos demais membros do tribunal.

DÉCIMO TERCEIRA.—CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

1. Á cualificación obtida polos aspirantes, resultante da suma das puntuacións outorgadas na fase de concurso e na fase de oposición, determinará a puntuación total final.
2. Seguidamente, o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación.
3. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.
4. Non obstante, o tribunal, ó cualificar cada un dos exercicios, non terá en conta a limitación anterior, que só se considerará ó formularlle á Presidencia a proposta coa relación de aprobados, na que só se incluírán aqueles opositores que obtivesen a maior puntuación total final, que nunca poderán superar o número de prazas convocadas en este proceso selectivo.
5. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e, se isto non fose suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase por sorteo.

DÉCIMO CUARTA.—ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DOS OPOSITORES APROBADOS

1. A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios da corporación, conterá unha advertencia recordándolle ó opositor aprobado que deberá presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para ingresar na función pública local e accederen interinamente á praza convocada.
2. O aspirante proposto achegará, dentro do prazo de 10 días naturais, contados desde a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:
 1. Documento nacional de identidade mediante fotocopia compulsada por os dous lados.
 2. Certificación de nacemento expedida no rexistro civil correspondente.
 3. Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.
 4. Certificado médico, sen prexuízo dun posterior recoñecemento.
 5. Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
 6. Fotocopia da cartilla da seguridade social, número de conta bancaria e fotocopia do DNI.
3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4. Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado funcionario interino, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgúns requisitos.

DÉCIMO QUINTA.—NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS E TOMA DE POSESIÓN

1. Concluído o proceso selectivo o aspirante aprobado, cun número que non poderá exceder en ningún caso o da praza convocada será nomeado funcionario interino polo presidente, unha vez que xustifique documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.
2. A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo 15 días a partir do nomeamento interino; de non facelo, sen existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, os nomeados quedarán na situación de cesantes.
3. Este nomeamento interino surtirá efectos dende a toma de posesión e ata que a praza se cubra polo procedemento regulamentario con funcionario de carreira, se amortice ou desaparezan as causas que motivaron este nomeamento interino e, en todo caso cesará o cabo de tres anos.

DÉCIMO SEXTA.—CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases da convocatoria vinculan a Administración local, o tribunal cualificador e os aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

DÉCIMO SÉTIMA.—INCIDENCIAS

O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO OITAVA.—DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99, así como Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

ANEXO 1

Tema 1: O deporte como fenómeno social e cultural.

Tema 2: O sistema muscular. Estructura e funcións.

Tema 3: O sistema óseo-articular. Estructura e funcións.

Tema 4: Saúde e actividade física. Efectos positivos e contraindicacións da actividade física.

Tema 5: Nutrición e actividade física. Tipos de actividade física e gasto energético.

Tema 6: Aspectos preventivos na práctica na actividade física e actuación en accidentes deportivos. Primeiros auxilios.

Tema 7: A avaliación das capacidades físicas. Técnicas, instrumentos e rexistro dos datos. As probas de capacidade física.

Tema 8: A avaliación das cualidades motrices. Técnicas, instrumentos e rexistro dos datos. As probas de capacidade motriz.

Tema 9: O quecemento: Fundamentos e tipos. Funcións. Criterios para a elaboración de tarefas e quecemento xeral e específico.

Tema 10: O xogo: teorías e características do mesmo.

Tema 11: Os xogos e deportes tradicionais galegos.

Tema 12: Actividades no medio natural. Tipos, clasificacións e recursos.

Tema 13: Os deportes individuais. Atletismo, ensino, técnica, táctica e reglamento.

Tema 14: Os deportes de adversario. Judo, ensino, técnica, táctica e reglamento.

Tema 15: Os deportes colectivos. Baloncesto, ensino, técnica, táctica e reglamento.

Tema 16: Os deportes colectivos. Balonmán, ensino, técnica, táctica e reglamento.

Tema 17: Os deportes colectivos. Fútbol, fútbol-7 e fútbol sala, ensino, técnica, táctica e reglamento.

Tema 18: Os deportes con implementos. Badminton, ensino, técnica, táctica e reglamento.

Tema 19: Instalacións. Conceptos básicos. Organización e normas para o seu uso.

Tema 20: O olimpismo. Historia e programas olímpicos.

O Grove, a 25 de mayo do 2011.—O Alcalde, José A. Cacabelos Rico

2011005948

* * *

NIGRÁN

A N U N C I O

PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLMENTO LOCAL EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL FIXO: LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DESIGNACIÓN DE TRIBUNAL CUALIFICADOR E DATA DO PRIMEIRO EXERCICIO.

Expte Ref.: 004/2010ps

Mediante decreto de data 8 de xuño de 2011, esta Alcaldía acordou:

Primeiro.—Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluidos/a para participar no proceso selectivo de referencia:

ADMITIDOS/AS:

1. Fernández Taboada, José Vicente
2. Seoane Lema, María Jesús
3. Silva López, María Cruz

EXCLUÍDOS/AS: NINGUN/HA

Segundo.—Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Pontevedra e no Taboleiro de anuncios do concello.

Terceiro.—Designar aos membros do Tribunal Cualificador para o proceso de selección de referencia que quedará constituído da seguinte forma:

- Presidente/a: Dna. Carmen Valtierra Villar como titular e D. Antonio Pérez Collazo como suplente.
- Vocais titulares:
 - Dna. M^a Carmen Iglesias Rial como titular.
 - D. José Luis Rodríguez Rodríguez como titular.
 - Dna. Cristina Aballe Román como titular.
 - D. Eduardo Pérez-Izaguirre López como titular.
- Vocais suplentes: